

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Actividades Complementarias e Ensinanzas de Conxunto

Curso 2021-2022

A **Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación** abre prazo de preinscrición nas actividades complementarias e de conxunto da EMMArteixo para o curso 2021-2022 que darán comezo **no mes de novembro** sempre que se acade o número mínimo de solicitudes para cada unha delas.

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- **AULA DE MÚSICA MODERNA:** Agrupación musical dirixida a todo tipo de instrumentistas e orientada á música desde os anos 1920, a época do swing, ata a música da actualidade (funk, soul, rock...). Traballaranse temas de Aretha Franklin, Count Basie ou temas de actualidade como Bruno Mars.
- **AULA FOLK:** A través da materia de Aula Folk coñeceremos diferentes músicas, tanto da nosa comunidade como doutras culturas. Mediante esta materia tamén se traballará a interpretación en grupo; unha experiencia moi importante na música que permite unha formación máis divertida para enriquecernos, compartir, aprender e gozar.
- **INFORMÁTICA MUSICAL:** Actividade que utilizará os recursos tecnolóxicos en educación musical, medios audiovisuais, informática musical para conectar a creatividade coa produción musical.
- **ORQUESTRA:** Actividade de instrumentos de corda, vento e percusión que traballará dende repertorio clásico ata bandas sonoras máis modernas.
- **CORO INFANTIL:** Actividade dirixida á nenas e nenos na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno.
- **CORO PERSOAS ADULTAS:** Actividade dirixida á poboación xuvenil e adulta na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno.

A QUEN VAN DIRIXIDAS

Tanto ao alumnado da EMMArteixo como a aquelas persoas que non estean matriculadas na Escola pero desexen participar nelas.

Idades:

- **AULA DE MÚSICA MODERNA, AULA FOLK, INFORMÁTICA MUSICAL, ORQUESTRA:** Persoas nadas no ano 2013 ou con anterioridade.
- **CORO INFANTIL:** Persoas nadas entre o ano 2013 e 2006
- **CORO PERSOAS ADULTAS:** Persoas nadas no ano 2005 ou con anterioridade.

Outras condicións:

- **AULA DE MÚSICA MODERNA, AULA FOLK, ORQUESTRA:** É preciso dispoñer de instrumento e ter coñecementos previos.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

HORARIOS

- AULA DE MÚSICA MODERNA: Martes, de 19:05 a 20:55 h
- AULA FOLK: Mércores, de 19:05 a 20:55 h
- INFORMÁTICA MUSICAL: Xoves, de 19:05 a 19:55 h
- ORQUESTRA: Venres, de 16:05 a 17:55 h
- CORO INFANTIL: Venres, de 18:05 a 18:55 h
- CORO PERSOAS ADULTAS: Venres, de 19:05 a 19:55 h

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	AULA DE MÚSICA MODERNA (19:05 - 20:55 h)	AULA FOLK (19:05 - 20:55 h)	INFORMÁTICA MUSICAL (19:05 - 19:55 h)	ORQUESTRA (16:05 - 17:55 h)
<i>Todas estas actividades se levarán a cabo no Centro Cívico Cultural de Arteixo.</i>				CORO INFANTIL (18:05 - 18:55 h)
				CORO PERSOAS ADULTAS (19:05 - 19:55 h)

INSCRIPCIÓN:

Do venres 8 ao mércores 20 de outubro de 2021, enviando o modelo normalizado de inscrición, cuberto e asinado a: emmaarteixo@gmail.com

NOTA: as persoas que xa se inscribiran no prazo anterior a Informática Musical non é preciso que volvan facelo.

CUSTO DAS ACTIVIDADES:

Serán actividades de balde para o alumnado da Escola e terán un custo de 37,50 € trimestrais para o resto de participantes.

CONDICIÓNS:

- Prazas limitadas.
- O comezo das actividades está supeditado a que exista un grupo mínimo de solicitudes.
- En caso necesario realizarase sorteo de prazas.

PROCESO DE ADMISIÓN:

A semana no 25 de outubro informarase por correo electrónico ás persoas inscritas sobre a admisión e o comezo, ou non, de cada actividade, así como da documentación a aportar aquelas persoas que non sexan alumnas da Escola.